

Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



**RESOLUCIÓN REITORAL DO 04 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE
PUBLICA UNHA CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA DE
PRAZAS PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES NO MARCO DO
PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA
O CURSO 2022-23**

Unha vez publicada a R.R. do 21 de decembro de 2021, pola que se publica as bases reguladoras e se aproba a convocatoria de prazas para a selección de estudantes no marco do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2022-2023 e detectado un erro no punto 3 da publicación,

donde di:

“ O Centro de Linguas realizará probas de acreditación de nivel:

Campus de Vigo

- **Inglés, nivel C1:** mércores 13 de xaneiro ás 16.00 horas (listening, reading, writing)
- **Inglés, nivel B2:** xoves 14 de xaneiro ás 16.00 horas (listening, reading, writing)
- **Inglés, nivel B1:** venres 15 de xaneiro ás 16.00 horas (listening, reading, writing)
- A proba oral será entre o 11 e o 22 de xaneiro en función do número de candidatos por cada nivel.”

debe dicir:

“ O Centro de Linguas realizará probas de acreditación de nivel:

Campus de Vigo

- **Exame de acreditación CertAcles, nivel B2** - xoves, 13 de xaneiro de 2022
- **Exame de acreditación CertAcles, nivel B1** - venres, 14 de xaneiro de 2022
- **Ademais hai un exame TOEFL, multinivel** - sábado, 15 de xaneiro de 2022 “

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por

María Isabel Doval Ruiz

